

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 1 de xuño de 2016 pola que se aproba e se dá publicidade do modelo de comunicación de apertura ou recomezo da actividade centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 29.1 atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7 da Constitución española, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúelle á Secretaría Xeral de Emprego as competencias e funcións, entre outras materias, relativas ás relacións laborais e á seguridade e saúde laboral.

Ao abeiro do establecido no artigo 6.2 e 6.3 e na disposición adicional do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais, relativo á simplificación e racionalización de trámites que realizarán ante a autoridade laboral os suxeitos que interveñen no proceso de execución de obras de construción, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican diversas normas en materia de prevención e de seguridade e saúde laboral, ditouse a Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, sobre os requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de recomezo de actividades nos centros de traballo.

Por outra banda, á vista do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, así como na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, resulta imprescindible adaptar os modelos de comunicación e de recomezo de actividade de centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia ás novas exixencias, establecendo a súa presentación a través de modelos telemáticos, para facilitar, así, unha maior comunicación e unha relación máis áxil e simple



entre a Administración galega e aquelas empresas que realicen unha apertura de centro de traballo ou a continuación da súa actividade.

O artigo 4 da Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, establece que, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as administracións públicas disporán o necesario para que as persoas interesadas utilicen medios electrónicos ao presentar a comunicación de apertura e documentación complementaria a que se refire esta orde. Para tal fin as comunidades autónomas poderán realizar as adaptacións precisas, respectando o seu contido, no modelo oficial que figura como anexo I para a súa presentación en formato electrónico.

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.2 da Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, engádese un novo punto na parte A do anexo I de comunicación ou recomezo da actividade de centros de traballo, polo que, no caso de que se produzan cambios no centro de traballo, comunicaranse os ditos cambios por medios electrónicos.

De conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto foi obxecto de informe por parte dos órganos competentes en materia de impacto de xénero, tecnolóxico e funcional, previamente consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e publicado na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En consecuencia, no exercicio das atribucións conferidas de conformidade co disposto no artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

Aprobar e dar publicidade aos modelos normalizados de comunicación de apertura ou recomezo de actividade de centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa presentación por medios electrónicos.

Artigo 2. *Presentación*

A presentación das comunicacións realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do



22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das comunicacións será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Artigo 3. *Comunicación de modificación de datos*

De conformidade co artigo 2.2 da Orde TIN/1071/2010, do 27 abril, sobre os requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de recomezo de actividades nos centros de traballo, en relación coas obras de construción, os cambios non identificados inicialmente comunicaranse na epígrafe denominada modificación de datos do anexo I, parte A. As modificacións deberán ser comunicadas tamén de forma electrónica.

Artigo 4. *Documentación*

1. As comunicacións deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I a esta orde, xunto coa seguinte documentación:

No caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade da persoa representante da empresa no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, DNI ou NIE.

2. Documentación específica no caso de obras de construción:

a) Plan de seguridade e saúde no traballo, cando sexa de aplicación o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e, en concreto, cando a empresa realice algunha das actividades que se relacionan no anexo I do dito real decreto. Se non fose exixible o plan de seguridade e saúde, achegarse a correspondente avaliación de riscos.

b) Acta de aprobación do plan de seguridade, se este for exixible.



3. Documentación específica no caso das actividades detalladas no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental:

Proxecto técnico redactado por técnico competente na materia e memoria descriptiva en que se detallen os aspectos básicos relativos á actividade, á súa localidade e repercusións no ambiente.

4. A documentación complementaria presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da comunicación, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

6. No caso de que algún dos documentos que vai presentar de forma electrónica a persoa solicitante ou representante supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

7. Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se a persoa solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.



8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de comunicación inclúen autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As comunicacións das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 6. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das comunicacións, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e In-



dustria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a referida secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopindustria@xunta.es.

Disposición adicional única. *Modificación dos formularios*

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no *Diario Oficial de Galicia*, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes. Por conseguinte, para a presentación das comunicacións será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* de 2016.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2016

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

 ANEXO I
 PARTE A

PROCEDEMENTO APERTURA OU RECOMEZO DA ACTIVIDADE DE CENTROS DE TRABALLO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR803A	DOCUMENTO COMUNICACIÓN
----------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	----------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (CNAE 2009)		ENTIDADE XESTORA OU COLABORADORA DE AT E EP	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DA EMPRESA
<input type="radio"/> DE NOVA CREAÇÃO <input type="radio"/> XA EXISTENTE

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO			
<input type="radio"/> DE NOVA CREAÇÃO <input type="radio"/> RECOMEZO DA ACTIVIDADE <input type="radio"/> CAMBIO DE ACTIVIDADE <input type="radio"/> TRASLADO <input type="radio"/> MODIFICACIÓN DE DATOS			
DENOMINACIÓN			
<input type="text"/>			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (CNAE 2009)	OBRA DE CONSTRUCCIÓN		
<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON		





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)
PARTE A

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO (continuación)

 DATA DE INICIACIÓN DA ACTIVIDADE DO CENTRO A QUE SE
REFIRE A PRESENTE COMUNICACIÓN (día/mes/ano)

NÚMERO DE INSCRICIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL

NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS

HOMES

MULLERES

TOTAL

CLASE DE CENTROS DE TRABALLO (se se trata de centro móbil indicar a súa localización)

 SUPERFICIE CONSTRUIDA m²

LOCALIZACIÓN DO CENTRO MÓBIL (no caso de afectar máis dunha provincia, deberá facer unha comunicación por cada provincia)

MODALIDADE DE ORGANIZACIÓN PREVENTIVA

 Asunción persoal polo/a empresario/a

 Servizo de prevención propio

 Servizo de prevención mancomunado

 Persoa/s traballadora/s designada/s

 Servizo de prevención alleo

DATOS DE PRODUCCIÓN E/OU ALMACENAMENTO DO CENTRO DE TRABALLO

MAQUINARIA OU APARELLOS INSTALADOS

POTENCIA INST. (kW ou CV)

REALIZA TRABALLOS OU ACTIVIDADES INCLUIDOS NO ANEXO I DO REAL DECRETO 39/1997, DO 17 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN
 SI NON

En caso afirmativo, especificar traballos ou actividades (poderán marcar máis dunha, de ser o caso)

 Traballos con exposición a radiacións ionizantes en zonas controladas RD 53/1992.

 Traballo con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos, en particular a axentes canceríxenos, mutaxénicos ou tóxicos para a reprodución humana.

 Actividades en que interveñen produtos químicos de alto risco e son obxecto da aplicación do RD 886/1988, do 15 de xullo.

 Traballos con exposición a axentes biolóxicos dos grupos 3 e 4, segundo a Directiva 90/679/CEE e as súas modificacións.

 Actividades de fabricación, manipulación e utilización de explosivos, incluídos os artigos pirotécnicos e outros obxectos ou instrumentos que conteñan explosivos.

 Traballos propios de minaría a ceo aberto e de interior, e sondaxes en superficie terrestre ou en plataformas mariñas.

 Actividades en inmersión baixo a auga.

 Actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles, con risco de caída en altura ou soterramento.

 Actividades na industria siderúrxica e na construción naval.

 Produción de gases comprimidos, licuados ou disoltos ou utilización significativa destes.

 Traballos que produzan concentracións elevadas de po silíceo.

 Traballos con riscos eléctricos en alta tensión.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
 Copia do DNI ou NIE da persoa representante da empresa, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

No caso de obras de construción:
 Presentarase un plan de seguridade e saúde no traballo, cando sexa de aplicación o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25.10.1997) e, en concreto, cando a empresa realice algunha das actividades que se relacionan no anexo I do dito real decreto. Se non é exixible o plan de seguridade e saúde, achegarase a correspondente avaliación de riscos.

 Acta de aprobación do plan de seguridade, se este é exixible.

No caso das actividades detalladas no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo de 2008)
 Proxecto técnico e memoria descritiva das características da actividade.


**XUNTA
DE GALICIA**





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)
PARTE A

Autorizo a Secretaría Xeral de Emprego para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción.
Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, sobre os requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de recomezo de actividades nos centros de traballo.
ORDE do 1 de xuño de 2016 pola que se aproba e se dá publicidade do modelo de comunicación de apertura ou recomezo da actividade centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)
PARTE B

CUBRIR SÓ NO CASO DE TRATARSE DUNHA OBRA DE CONSTRUCCIÓN

DATOS DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN	
NÚMERO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS	NÚMERO DE EXPEDIENTE DA PRIMEIRA COMUNICACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Xunta plan de seguridade e saúde no traballo aprobado <input type="checkbox"/> Xunta avaliación de riscos	
TIPO DE OBRA	ENDEREZO DA OBRA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE COMEZO DA OBRA (dd/mm/aaaa)	DURACIÓN PREVISTA DOS TRABALLOS DA OBRA COMPLETA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	DURACIÓN PREVISTA DOS TRABALLOS QUE VAI FACER ESTE CONTRATISTA NA OBRA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NÚMERO MÁXIMO ESTIMADO DE TRABALLADORES/AS EN TODA A OBRA	NÚMERO PREVISTO DE SUBCONTRATISTAS E TRABALLADORES/AS AUTÓNOMOS/AS NA OBRA DEPENDENTES DO CONTRATISTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

REALIZA TRABALLOS OU ACTIVIDADES INCLUÍDOS NO ANEXO II DO REAL DECRETO 1627/1997, DO 24 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

SI NON

En caso afirmativo, especificar traballos ou actividades (poderán marcar máis dunha, de ser o caso)

- Traballos con riscos especialmente graves de soterramento, afundimento ou caída en altura, polas particulares características da actividade desenvolvida, os procedementos aplicados ou o contorno do posto de traballo.
- Traballos en que a exposición a axentes químicos ou biolóxicos supoña un risco de especial gravidade, ou para os que a vixilancia específica da saúde das persoas traballadoras sexa legalmente exixible.
- Traballos con exposición a radicacións ionizantes para os que a normativa específica obriga á delimitación de zonas controladas ou vixiadas.
- Traballos na proximidade de liñas eléctricas de alta tensión.
- Traballos que expoñan a risco de afogamento por inmersión.
- Obras de escavación de túneles, pozos e outros traballos que supoñan movementos de terra subterráneos.
- Traballos realizados en inmersión con equipamento subacuático.
- Traballos realizados en caixóns de aire comprimido.
- Traballos que impliquen o uso de explosivos.
- Traballos que requirán montar ou desmontar elementos prefabricados pesados.
- A relación anterior non é exhaustiva, se se realizan outros, especifíquese:

DATOS DO PROMOTOR

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO PROXECTISTA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)
PARTE B

DATOS DO/A COORDINADOR/A DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE ELABORACIÓN DO PROXECTO							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

DATOS DO/A COORDINADOR/A DE SEGURIDADE E SAÚDE NA FASE DE EXECUCIÓN DA OBRA							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE							
Lugar e data							
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

